



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

REGISTRO CIVIL EXCLUSIVO VIGO

INSCRICIÓN DE MATRIMONIO CELEBRADO NO ESTRANXEIRO NO REXISTRO CIVIL CENTRAL DE MADRID

A.- DOCUMENTACIÓN COMÚN A AMBOS OS CÓNIXUXES

- **CERTIFICADO LITERAL DO MATRIMONIO** que se pretende inscribir, debidamente legalizado ou apostilado e, de non figurar en castelán, traducido por tradutor xurado (non ten caducidade).
- **ESCRITO DE DATOS** que se acompaña, cumprimentado con letra de imprenta e asinado polo cónxuxe español.
- **CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO COLECTIVO** onde conste o total de persoas empadroadas no domicilio (cun máximo de 3 meses de antigüidade).

B.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLO CÓNIXUXE ESPAÑOL

- **CERTIFICADO LITERAL DE NACEMENTO** (cun máximo de 6 meses de antigüidade).
- **FOTOCOPIA DO D.N.I. (en vigor e non compulsada).**
No caso de que o matrimonio que se pretende inscribir non sexa o primeiro do cónxuxe español pódense dar tres supostos, con documentación distinta que achegar:
 - 1.- Se o cónxuxe español é viúvo/a de o anterior matrimonio ao que pretende inscribir agora, deberá achegar o **certificado literal dese matrimonio anterior e o certificado literal de defunción do anterior esposo/a** (se estes documentos proveñen do estranxeiro deberán presentarse debidamente legalizados ou apostilados e, no seu caso, traducidos)
 - 2.- Se o cónxuxe español está divorciado/a de o anterior matrimonio ao que pretende inscribir agora, e ese matrimonio e divorcio tiveron lugar en España, deberá achegar o **certificado literal do devandito matrimonio anterior**, no que figure a anotación de divorcio
 - 3.- Se o cónxuxe español está divorciado/a de o anterior matrimonio ao que pretende inscribir agora, e ese matrimonio e divorcio tiveron lugar no estranxeiro, previamente a ningún outro trámite **deberase validar a sentenza estranxeira de divorcio ante un tribunal español (exequátur)** e, unha vez obtida a sentenza convalidatoria, achegarase a este expediente, salvo que ese anterior matrimonio e divorcio **tivesen lugar antes de ter a nacionalidade española, nese caso non será necesario o exequátur.**

C.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLO CÓNIXUXE ESTRANXEIRO

- **CERTIFICADO DE NACEMENTO**, debidamente legalizado ou apostilado e, no seu caso, traducido. Se o interesado non se puidese desprender do certificado orixinal, por necesitalo para outros usos, deberá presentar copia cotexada do mesmo, así como da legalización ou apostila e, de ser o caso, da tradución.
- **FOTOCOPIA DO N.I.E.** ou, de non posuír este documento, **de todas as follas do PASAPORTE** (non é necesario compulsar).
- **SENTENZA DE DIVORCIO** do matrimonio anterior debidamente legalizada e traducida (para o suposto de que o cónxuxe estranxeiro estea divorciado/a).

NOTA.- Unha vez reunida a documentación, e cumprimentado e asinado o escrito de datos, deberase facer **FOTOCOPIA DE TODO O ANTERIOR (copia simple)** e todo iso será presentado nesta oficina polo cónxuxe español. Do DNI do **cónxuxe español** presentaranse 2 copias e do Pasaporte do estranxeiro unha copia enteira e outra só da páxina onde figura a fotografía).